



Número de expediente:2019/NOMFUNCONTEMP/000003

ANUNCIO PARA A PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS EN RELACIÓN CO NOMEAMENTO DE DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, CON CARÁCTER INTERINO POR EXCESO OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS NO ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE

O 19/02/2019 ditouse a seguinte resolución que debe ser publicada no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o prazo de 10 días hábiles, dando cumprimento ao disposto nas Bases Xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local nas sesións que tiveron lugar o 12/07/2016 e o 20/07/2016, e pola resolución da concellería de Persoal do 12/05/2017 aprobando a lista de reserva (Lista B), para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións coa categoría de auxiliar administrativo do Concello de Pontevedra:

RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO RELATIVA AO NOMEAMENTO DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, CON CARÁCTER INTERINO POR EXCESO OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS NO ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE

Logo de examinar a proposta do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio relativa ao nomeamento de dous funcionarios interinos coa categoría dun auxiliar administrativo por exceso ou acumulación de tarefas no Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, faise constar que:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A base vixésimo segunda das Bases xerais reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para cubrir as prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do exercicio 2015 establece que os opositores que superen algún dos exercicios da oposición, incluíranse, de oficio, nas listas de reserva para cubrir necesidades de emprego de carácter interino ou temporal. Asemade poderán ser chamados nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas.

Estas listas elabóranse polos tribunais cualificadores dos distintos procesos selectivos na forma que se establece nos parágrafos seguintes e aprobarase mediante resolución do concelleiro responsable na área de persoal.

Incluíranse na lista de reserva, en primeiro termo, aqueles opositores que superaran todos os exercicios da oposición e non obtexan praza, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen na oposición.

A lista se completará con aqueles aspirantes que superaran todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición agás o último, segundo a orde de puntuación que obtivesen sumando todas as puntuacións obtidas nos exercicios realizados ata o momento en que resultarán eliminados do proceso selectivo.

Seguidamente incluíranse na lista os aspirantes que superaran todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición agás o penúltimo, e así sucesivamente segundo a orde establecida no parágrafo anterior.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes a incluír na lista de reserva, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose abondo, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva.

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro de anuncios do Concello sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra





(sede.pontevedra.gal).

Estas listas estarán en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo, coa finalidade de prover en propiedade os postos correspondentes ás categorías das que se trate e, en todo caso, por un prazo máximo de **4 anos**.

Sen prexuízo de que, con anterioridade, concorra algunha das causas que motive o cesamento de calquera funcionario interino de conformidade coa lexislación vixente, á finalización de cada proceso selectivo coa resolución de nomeamento dos funcionarios de carreira, todos os funcionarios interinos que ocupen postos de traballo correspondentes ás categorías das prazas convocadas cesarán automaticamente, independentemente de que se cubran todas as prazas e postos da categoría con funcionarios de carreira. Así mesmo, perderán vixencia todas as listas de interinos correspondentes ás categorías das prazas convocadas xeradas a partir de toda clase de procesos selectivos anteriores á presente convocatoria.

Do mesmo xeito, todos os funcionarios interinos que se nomeen con cargo ás listas de reserva configuradas a partir dos procesos selectivos regulados nas presentes bases cesarán á finalización de posteriores procesos selectivos que, en execución de oferta de emprego público, se convoquen para a cobertura definitiva de prazas vacantes, independentemente de que se cubran todas as prazas e postos da categoría con funcionarios de carreira. A finalización dos devanditos procesos selectivos e a posterior aprobación das correspondentes listas de reserva producirá, así mesmo, a perda de vixencia das listas de reserva aprobadas con cargo á presente base reguladora.

2.- En cumprimento do disposto na base referenciada e de acordo coas Bases Xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local nas sesións que tiveron lugar o 12/07/2016 e o 20/07/2016, por resolución da concellería de Persoal do 12/05/2017 apróbase a lista única de reserva (Lista A) cos opositores ás tres prazas (dúas prazas polo sistema de acceso libre e unha polo de promoción interna) de prazas de auxiliar administrativo de administración xeral da subescala auxiliar que superaron algún dos exercicios da oposición, co obxecto de cubrir necesidades de emprego de carácter interino ou temporal.

Desta forma, quedan sen efecto a lista de reserva (Lista A) para a provisión interina ou substitución temporal de persoal funcionario do Concello coa categoría de auxiliar administrativo aprobada mediante resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior e Persoal do 17 de outubro de 2014, caendo en consecuencia os dereitos adquiridos polos integrantes da mesma.

3.- O 09/01/2019, pola titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, co conforme do concelleiro responsable da Área de Facenda, preséntase unha solicitude na cal se establece a necesidade de levar a efecto o nomeamento interino de dous auxiliares administrativos, nos seguintes termos:

“(…) Tanto o Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade como a Intervención Xeral teñen atribuídas funcións definidas na súa maioría legalmente, ademais das que lle poida delegar o Alcalde ou das complementarias asignadas na relación de postos de traballo para cuxo desenvolvemento é preciso contar con medios persoais suficientes.

A variedade do traballo realizado, o incremento de obrigas e responsabilidades impostas polas distintas Administracións Públicas ao longo destes últimos anos e o volume de expedientes xestionados fan necesario contar cunha dotación de persoal suficiente.

As tarefas a desenvolver nos vindeiros meses polo Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade (OXPC) relacionadas co peche do exercicio 2018 e apertura do exercicio 2019 así como a implantación do novo procedemento para tramitar DOCCM, fai preciso que se habiliten os medios necesarios e suficientes para o seu desenvolvemento.

En consecuencia, considerando inaprazable e urxente a cobertura de dous postos para o apoio a un desenvolvemento axeito e en prazo das funcións asignadas ao OXPC,

SOLICÍTASE que se inicie o expediente necesario para o nomeamento de dous auxiliares da escala de administración xeral, por acumulación de tarefas, dada a necesidade urxente e inaprazable de





facilitar os medios necesarios e suficientes para o desenvolvemento das funcións encomendadas, polo prazo inicial de catro meses prorrogable ata o máximo de seis e con efectos inmediatos (...)"

4.- A concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio na súa proposta do 22/01/2019, ante a imposibilidade de prover o referido posto mediante unha redistribución dos efectivos existentes na actualidade e tendo en conta o informe emitido para estes efectos pola titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, co conforme do concelleiro de goberno responsable da Área de Facenda, propón o seguinte:

"(...) En base ao exposto, dada a imposibilidade de prover estes postos mediante unha redistribución dos efectivos existentes na actualidade nesta Administración municipal e á vista da necesidade exposta no informe emitido para estes efectos pola titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, co conforme do concelleiro de goberno responsable da Área de Facenda,, esta concellería de goberno, xa que é imprescindible para o funcionamento desta administración a tramitación dos asuntos da súa competencia, **considera urgente e inaprazable** efectuar o nomeamento interino de dous/dúas auxiliares administrativos/as, en consecuencia, propón que se inicie o expediente para proceder ao nomeamento de dous/dúas funcionarios interinos, considerando a opción mais apropiada a de nomear dous funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas no Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, correspondéndolle aos/ás candidatos/as da devandita Lista de reserva (Lista A), de acordo coa súa orde de puntuación e requirindo aos/ás interesados/as para que acepten ou renuncien no prazo de 48 horas, achegando a documentación preceptiva. En caso de renuncia proporase o seguinte candidato/a en orde de puntuación.

Os nomeamentos interinos veñen motivados polo exceso ou acumulación de tarefas que ten lugar no Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade e desenvolverán as funcións propias da praza e posto sinalado nesta proposta, percibindo as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes a un posto de auxiliar administrativo (Grupo C, subgrupo C1, nivel 16, asimilado CDG 7103), podendo estenderse o nomeamento por prazo máximo de **6 meses** (dentro dun período de doce meses) segundo se establece na normativa vixente na actualidade en materia de función pública.

Por último, cómpre sinalar nesta proposta expresamente a conveniencia, de ser posible, de que os custes destes nomeamentos interinos se realicen con cargo ás aplicacións orzamentarias adicadas a financiar as prazas que se atopan actualmente vacantes (...)"

5.- Emitido informe polo Servizo de Persoal, pola Intervención Xeral Municipal infórmase o expediente, sinalando entre outros extremos, o seguinte:

"(...)3.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

Polo anteriormente exposto infórmase o expediente DE CONFORMIDADE polo que procede continuar a tramitación do mesmo

OBSERVACIÓNS

Así mesmo fórmulanse as seguintes observacións que non suspenden o procedemento pero deberán ser tidas en conta:

1.- No que respecta á incorporación de persoal temporal, debe advertirse que ao atoparnos en situación de prórroga orzamentaria ao non terse aprobado lei de orzamentos xerais do estado para 2019, non parece clara a limitación ou prohibicións que nestes aspectos regúlase anualmente nas leis orzamentarias.

Así, aínda que os Orzamentos Xerais do Estado se prorrogan automaticamente nos "créditos para gastos cuxa realización e indispensable para o normal funcionamento do estado e a ordinaria atención das necesidades colectivas" non se atopa prorrogada a Lei de Orzamentos Xerais para 2017 (así o recolleu expresamente no exercicio 2017 o Real Decreto 746/2016, de 30 de decembro, sobre Revalorización e Complementos de Pensións), polo que non resulta clara a normativa a aplicar.

No que se refire pois a este aspecto de incorporación de novo persoal temporal, parece que debe operar a prohibición de incorporar novo persoal, salvo en casos excepcionais para cubrir necesidades urgentes e inaprazables (...)"

6.- Con data 12/02/2019, dona Mónica Jorge, Álvarez, dona Lorena Canosa Viétez, dona María Carrasco Couselo, dona Vanesa Prado Miguéles, dona María Emilia González Rodríguez, don Pablo López Durán, dona Blanca Ilijó rodríguez, dona Marta Elisa Collazo López, dona Irene Fuentes Beloso e don José Miguel Soto Hermida renuncian á oferta de nomeamento como funcionaria interina na categoría de auxiliar administrativa que lle foi comunicada por este Servizo.





Con data 13/02/2019, dona Eva María Da Rocha González renuncia á oferta de nomeamento como funcionario interino na categoría de auxiliar administrativo que lle foi comunicada por este Servizo.

Con data 14/02/2019, dona María Rial Rey, dona Alejandra Rodríguez Cortegoso, dona Ana María Durán Penabad e dona Elisabeth Serrano Vilariño renuncian á oferta de nomeamento como funcionario interino na categoría de auxiliar administrativo que lle foi comunicada por este Servizo.

Con data 15/02/2019, dona Susana Vázquez Barbosa renuncia á oferta de nomeamento como funcionario interino na categoría de auxiliar administrativo que lle foi comunicada por este Servizo.

Con data 15/02/2019, don Segundo Feijoo Fariña e dona Sonia Justo Míguez aceptan a oferta de nomeamento como funcionario interino na categoría de auxiliar administrativo que lle foi comunicada por este Servizo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.-O Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón no seu artigo 10 que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira cando, entre outros supostos, exista **exceso ou acumulación de tarefas** por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

O procedemento de selección de funcionarios interinos realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O cese producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Segundo.- A lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dispón, no seu artigo 23.1.d) que poderá nomearse funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses.

No citado artigo sinalase que os nomeamentos de persoal funcionario interino pola circunstancia prevista nesta letra non poden superar en ningún caso o vinte por cento do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o tres por cento do persoal funcionario da Administración de que se trate.

Así mesmo, no artigo 24.2 da lei 2/2015 sinalase que o cesamento do persoal funcionario interino producirase, ademais de polas causas que determinan a perda de condición de funcionario de carreira, cando, entre outros supostos, finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento ou transcorra o prazo máximo de duración do nomeamento.

Por outra banda, o artigo 25.3 da lei 2/2015 dispón que o persoal funcionario interino cuxo nomeamento ven motivado pola execución de programas de carácter temporal de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración, así como os interinos nomeados por exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses, poderá prestar os servizos que lle encomenden na unidade administrativa en que se produza o seu nomeamento ou outras unidades administrativas nas cales desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, as devanditas unidades participen no ámbito de aplicación do correspondente programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado no artigo citado, ou estean afectadas polo exceso ou acumulación de tarefas.

Terceiro.-Non obstante o réxime xurídico exposto nos apartados anteriores, cómpre recordar o disposto no artigo 19.dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de aplicación a todas as administracións públicas, segundo o cal durante o ano 2018 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás nos casos excepcionais, e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Á vista do citado artigo, infórmase que na solicitude da titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, co conforme do concelleiro responsable da Área de Facenda xa se fai constar o cumprimento deste requisito, polo que cómpre remitirse a aquela, que máis arriba se reproduce.

Cuarto.- É competencia do Alcalde exercer a superior dirección do persoal ao seu servizo consonte o previsto no artigo 124.4.i) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e o artigo 13.2.i) do Regulamento orgánico do goberno e administración municipal publicado no BOP núm.248 do 28 de





decembro de 2005.

Mediante Decreto da alcadía do 21/04/2017, se lle atribúen ao concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio as decisións, propostas e trámites en materia de persoal que sexan competencia da Alcaldía.

Atendendo ó exposto, esta Concellería de goberno no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade urxente e inaprazable de efectuar o nomeamento interino dun auxiliar administrativo por acumulación de tarefas para o Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.

Segundo.- Nomear a don Segundo Feijoo Fariña, DNI núm.7740*****, auxiliar administrativo da escala de administración xeral deste Concello, co carácter de funcionario interino integrado no grupo C, subgrupo C-2, coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias asimiladas ao posto de auxiliar administrativo no Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, con efectos do día **20 de febreiro de 2019**, advertindo ao nomeado que cesará no posto **polo transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento (6 meses, ata o 19/08/19)** ou, de ser o caso, cando desaparezan as razóns de urxencia que motivan este nomeamento.

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio por delegación do Excmo. Sr. Alcalde, ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

